Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos,		
CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores,		
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos,		
CA3.4 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna,		
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical,	TI	52
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.		
CA2.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.	Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental		
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Interpretar música a través da lectura de partituras		
CA2.6 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais,		
CA2.7 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais.	Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas,		
CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas,		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza.</li> <li>- Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións.</li> <li>- Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza.</li> <li>- Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración.</li> <li>- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.</li> <li>- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.</li> <li>- A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical.</li> <li>- Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade.</li> <li>- Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.</li> <li>- Técnicas de improvisación guiada e libre.</li> <li>- Proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas.</li> <li>- A propiedade intelectual e cultural: formulacións éticas e responsables. Hábitos de consumo musical responsable.</li> <li>- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.</li> <li>- Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores e editores de partituras.</li> <li>- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.</li> </ul>



UD	Título da UD	Duración
6	Unidade 6	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas,	PE	48
CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas,		
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.		
CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos,		
CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores,		
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos,		
CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas,		
CA3.4 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical	TI	52
CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas,		
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións		
CA2.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.	Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación,		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental,		
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado		
CA2.6 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais,		
CA2.7 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais.	Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas,		
CA2.8 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza.</li> <li>- Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.</li> <li>- Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza.</li> </ul>

## Contidos

- Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración.
- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.
- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.
- A partitura. Identificación e aplicación de graffías, lectura e escritura musical.
- Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade.
- Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.
- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.
- Técnicas de improvisación guiada e libre.
- Proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas.
- A propiedade intelectual e cultural: formulacións éticas e responsables. Hábitos de consumo musical responsable.
- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.
- Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores e editores de partituras.
- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.
- Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Principais composicións musicais de cada período histórico.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica será activa e participativa, favorecendo o traballo individual e cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos correspondentes. Esta metodoloxía cooperativa permite ao alumnado sentirse activo, formar parte de un equipo e ter unha escola inclusiva en non selectiva. Por exemplo, se un alumno estuda unha obra no conservatorio como *¿Variación sobre un tema de Paganini¿* para violoncello, o día que explicamos a técnica da variación, o alumno préstase a interpretar a obra no aula.

Propóñense as seguintes orientacións didácticas para desenvolver o currículo desta materia:

¿ Promover a unidade de teoría e práctica.

¿ Promover a participación activa do alumnado na aula nun ambiente de intercambio, colaboración e interacción.

¿ Fomentar a creatividade do alumnado.

¿ Potenciar a socialización, ademais de favorecer as relacións no grupo e o traballo de equipo.

¿ Facilitar o contacto co exterior, asistencia a audicións, concertos e espectáculos de danza, entre outros.

¿ Partir dos coñecementos previos do alumnado e desenvolver os contidos de forma estruturada e coherente, de maneira que a posibilidade de construír novas

aprendizaxes repouse no xa aprendido.

¿ Propiciar situacións que sexan motivadoras para o alumnado ou que favorezan a motivación que sente de forma natural ante o fenómeno musical. Potenciaranse moi especialmente as posibilidades de comunicación a través do interese que posúe ante o feito musical, natural no ser humano, traballando nun ambiente distendido que propicie a asimilación dos novos conceptos.

¿ Fomentar a participación do alumnado na realización de traballos de investigación sobre autores e obras representativas dun estilo compositivo determinado.

¿ Potenciar a utilización das TIC que estean ao seu alcance, tanto con fins educativos como para o seu tempo de lecer. Igualmente, fomentárase a lectura e análise de diferentes fontes documentais, tanto en formato impreso como en soporte electrónico multimedia.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materias e recursos didácticos

Para o traballo diario da clase o alumnado debe dispoñer do material proposto polo profesorado: caderno de apuntes, caderno pautado, frauta¿

Este ano académico o alumnado de 3º da ESO non terá un libro de texto, aínda que se lles indicarán os libros que lles poden servir de axuda para seguir a programación. Neste sentido haberá na aula de Música libros de texto e dicionarios que poderán consultar.

A aula de música conta cun reprodutor de discos compactos e cunha pequena fonoteca de clásicos e música popular. Ademais existe un reprodutor de DVD e algunhas películas musicais.

A aula conta tamén cun ordenador portátil, cun proxector coa súa pantalla, unha mesa de mezclas, unha etapa de potencia, dous altofalantes e dous micrófonos. Existen frautas doces a disposición do alumno así como outros idiófonos e membranófonos. Entre os cordófonos a aula conta con dúas guitarras clásicas (unha delas amplificada), dúas acústica (amplificadas), dúas guitarras eléctricas, un baixo eléctrico e dous teclados, Tamén se dispón de distintos tipos de cables de audio.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Procedementos da avaliación inicial.

No inicio do curso realizarase unha avaliación inicial que servirá ao profesor para establecer o plan de reforzo de aqueles contidos non adquiridos nos cursos anteriores. Os procedementos de avaliación serán:

¿ Exercicios de linguaxe musical no aula e tarefas para facer na casa que serán avaliábeles.

¿ Cuaderno de traballo do alumno.

¿ Utilización das T.I.C.

¿ Exposicións orais.

¿ Traballos individuais e/ ou en grupo.

¿ Resolución de cuestións sobre as audicións traballadas.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>16</b>	<b>16</b>	<b>16</b>	<b>16</b>	<b>16</b>	<b>20</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	36	33	41	40	48	48	<b>41</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	64	67	59	60	52	52	<b>59</b>

### Criterios de cualificación:

Criterios de avaliación e cualificación do alumnado

Estes criterios estarán enfocados a avaliar os coñecementos e os contidos asimilados polo alumnado ao longo do curso, ademais da actitude e do traballo diario. A nota da avaliación trimestral será o resultado da correcta asimilación destes contidos, das capacidades e competencias básicas acadadas polo alumno, así como o esforzo realizado na súa procura. Para avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe recorrerase ás probas escritas e as orais, ademais do observación directo diario dos esforzos e das actividades musicais que se fagan na aula durante o trimestre. Para facer isto de xeito adecuado as primeiras sesións adicaranse a coñecer o nivel medio da clase, para desta maneira partirmos dun nivel adecuado ao grupo.

Faremos unha proba escrita por trimestre que será o 50 % da nota da avaliación. Por outro lado, os exercicios, actividades, traballos realizados polo alumno a proposta do profesor e as probas ao longo do trimestre sobre distintos contidos da programación contarán un 20%, mentres que o 30% da nota avaliará a interpretación do alumno das pezas ensaiadas ao longo do trimestre, tanto nas clases como na proba que se lle faga a este fin. Para acadar o aprobado (4,5) facendo media entre estas tres partes, o alumno nunca poderá obter en ningunha delas unha nota inferior a 3. Dado o caso dun alumno que obteña de media unha nota igual ou superior ao 4,5 pero cunha das partes valorada por debaixo do 3, ese alumno sempre acadará un 4 como nota da avaliación correspondente. Neste caso ese alumno só tería que recuperar a parte que teña valorada por debaixo do 3. Por outra parte, a actitude positiva do alumno cara a materia e o seu correcto comportamento (acatar as normas, respecto ao material, compañeiros, profesor...) ao longo de cada trimestre serán premisas indispensables para que o alumno poda chegar ao aprobado. Este aprobado acadarase cando o alumnado obteña un 4,5 de media. A nota que levará no boletín será redondeada co seguinte criterio:

- ¿ 1 cando obteña menos de 1
- ¿ 2 cando obteña entre 1,5 e 2,5
- ¿ 3 cando obteña entre 2,5 e 3,5
- ¿ 4 cando obteña entre 3,5 e 4,5
- ¿ 5 cando obteña entre 4,5 e 5,5
- ¿ 6 cando obteña entre 5,5 e 6,5
- ¿ 7 cando obteña entre 6,5 e 7,5
- ¿ 8 cando obteña entre 7,5 e 8,5
- ¿ 9 cando obteña entre 8,5 e 9,5
- ¿ 10 cando obteña entre 9,5 e 10

Resumindo

Nota das avaliacións ¿¿¿¿¿¿..50% Probas escritas.  
 ¿¿¿¿¿¿..30% Interpretación instrumental.  
 ¿¿¿¿¿¿...20% Traballo, exercicios, probas.

O alumno poderá ser sometido a probas de recuperación cando a asimilación dos contidos sexa alarmantemente baixa. Doutro xeito moitos destes contidos serán obxecto de avaliación continua.

A Nota Final da Avaliación Ordinaria acadada por cada un dos alumnos será a obtida ao facer a seguinte media:

1º Trimestre..... 35 %  
2º Trimestre..... 30 %  
3º Trimestre..... 35 %

A este respecto as notas de cada trimestre non serán as redondeadas que aparecen no boletín do alumno, senon as que obran no caderno de notas do profesor redondeadas a dos decimais.

Para aquel alumnado que a día 6 de xuño, no teñan superada a materia, farase unha actividade de repaso das partes dos contidos mínimos que o alumno en concreto non tivera superado.

Antes da avaliación ordinaria realizarán as probas, que poderán ser escritas, ou de interpretación instrumental, para ver se superan a materia ou non.

Para o alumnado que teña superada a materia a día 6 de xuño, 3ª avaliación, faremos actividades de interpretación musical e audicións, así como visualización de vídeos musicais para analizar o estilo, época, interpretación, etc.

O alumnado que empregue métodos fraudulentos nos exames (copiar por compañeiros, utilizar calquera método tecnolóxico ou artesanal de copia...) e sexa sorprendido no intento, se lle retirará o dereito a realizar esa proba, obtendo como nota da mesma un 0. Por outra parte, se é posible comprobar que o alumno-a copiou sen ser sorprendido-a no momento, pero tendo probas suficientes para demostrarse, procederase a avaliar a pregunta que se considere copiada cun 0. Isto aplicarase tanto nos exames de avaliación, como nas probas e nos traballos individuais.

#### **Criterios de recuperación:**

No caso de non acadar os obxectivos mínimos, o alumnado reunirse co profesor para tratar de buscar os motivos. A recuperación realizarase a través dunha proba escrita e unha interpretación instrumental ou ben por medio dun traballo. Cuestionarase e estudarase profundamente se estes obxectivos non foron acadados por desinterese, falta de atención, actitude negativa do alumnado, ou por carencias no desenvolvemento das destrezas e habilidades de aprendizaxe.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O alumnado que teña como materia pendente a área de Música deberá alcanzar os contidos mínimos esixibles para a superación de dita área que constan na programación didáctica, de xeito que os criterios de avaliación son os formulados en dita programación para o curso que se trate.

Co obxecto de facilitar ó alumnado a superación da materia pendente, o departamento didáctico de Música proporallas plans de traballo, de xeito que se poida levar a cabo unha avaliación continua das aprendizaxes realizadas. Os instrumentos e as técnicas presentes neses plans de traballo serán variados e adecuados ó ritmo de aprendizaxe dos alumnos; haberá tanto probas escritas (tests, cuestionarios, comentario de audicións, mapas conceptuais, exercicios que obriguen ó uso de conceptos, situacións que obriguen ó uso de procedementos, dictados musicais, traballos de investigación bibliográfica, supervisión do caderno do alumno, etc.) como orais (interpretación instrumental, interpretación vocal, actividades de exposición temática, cuestionarios, etc.).

Ademais destas probas, que se farán de maneira secuencial ó longo do curso, os alumnos ca área de Música pendente serán avaliados nunha sesión ordinaria no mes de xuño.

Deberase ter en conta que a materia de Música non se considera como materia de contidos progresivos, de xeito que

a calificación positiva da área de Música correspondente ó curso ó que pertenza o alumno non implica a superación da materia de Música pendente, do mesmo xeito que, para superar a materia nun determinado curso non se esixe a superación da materia pendente.

O sistema de recuperación, centrarase na realización dunha serie de actividades deseñadas polo departamento, co fin de recuperar satisfactoriamente o curso anterior.

Os alumnos de 3º coa área pendente de 2º, poderán aprobar o curso realizando actividades de reforzo e recuperación durante o curso para acadar os obxectivos programados. Unha vez acadados os obxectivos terán aprobada a área do curso anterior. Dependendo do alumno, realízanse actividades específicas para eles, estas actividades específicas terán que ver cos obxectivos non acadados no curso anterior. Dentro das actividades de reforzo e recuperación, poderanse facer exercicios, traballos, interpretación instrumental, etc. Tamén se terá en conta o caderno do alumno, faranse os exames pertinentes segundo o criterio do departamento.

Se o alumno que teña suspensa a materia de 2º, non se presentase ás actividades de recuperación do curso, o departamento de música consideraría o como abandono da materia.

Os alumnos de 4º coa área pendente de 3º, deberán realizar unha serie de traballos en cada trimestre. Xunto cos traballos, daranse unha serie de normas aos alumnos para que estes podan preparar os exames de recuperación.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

Entre outras medidas, estableceranse adaptacións curriculares significativas, que garantan que as condicións para a realización das avaliacións para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. As adaptacións realizaranse procurando o máximo desenvolvemento posible das competencias e a avaliación continua e sempre en coordinación co departamento de orientación. Na promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións.

Pero, en liñas xerais, para contemplar a diversidade que se observará, que é inherente ao estado evolutivo do alumnado, en cada sesión o profesor ofrecerá actividades diferenciadas que permitan adecuar o traballo do alumnado. Habería que distinguir entre as clases prácticas, dedicadas á interpretación vocal e

En todas as unidades dos diferentes niveis da ESO inclúese algunhas actividades de tipo instrumental, das de carácter teórico. No primeiro caso, nas pezas interpretadas en todos os niveis incluíranse elementos de diferentes dificultades para que a totalidade do alumnado poida participar, salientando ademais a importancia do funcionamento como grupo.aberto que se poden adaptar tanto a un alumnado con dificultades de aprendizaxe como a alumnado de altas capacidades. Un exemplo sería unha actividade proposta en 3º da ESO consistente nunhas instrucións para compoñer unha melodía.

Especialmente en 3º da ESO, podemos considerar que a materia é de tipo progresivo, polo que se intenta incluír tanto nas actividades da clase como nas probas escritas material pertencente a unidades anteriores. Ademais, ao alumnado que non supere as probas escritas entregaráselle actividades de reforzo

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión Lectora, Expresión individual, comunicación audiovisual,, sonorización de imaxes, traballo en equipo.	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

En cada unha das unidades nas que se organizan os bloques tanto da materia de música como de linguaxe e práctica musical, trátanse elementos transversais relacionados coa comprensión lectora e a expresión individual e escrita, a través da produción de textos propios, o comentario de textos, os comentarios de audición ou a produción de textos nos que se reflicta unha opinión persoal sobre diferentes temas relacionados coa materia. Tamén se inclúen elementos transversais relacionados coa comunicación audiovisual, como gravación e análise de paisaxes sonoras, análise de videoclips, sonorización de imaxes, análise de spots publicitarios e escenas de películas, obtención de información a partir de diferentes medios audiovisuais ¿ O emprego de músicas populares como material didáctico ofrécenos a posibilidade de traballar diferentes aspectos relacionados coa propia imaxe, cos papeis tradicionais femininos e masculinos, a explotación da imaxe da muller na publicidade e os videoclips, incentivando a reflexión e o compromiso de loitar contra os estereotipos sexistas e a discriminación por orientación sexual. Por último, unha parte importante da materia de música está relacionada coa práctica instrumental, unha actividade que fomenta o traballo en equipo, a responsabilidade individual para o funcionamento do grupo, a integración dentro do colectivo e a posibilidade de expresarse mediante unha linguaxe non verbal.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Interpretación de obras. Audición e visualización de concertos como a da Sinfónica de Galicia.	As actividades extraescolares que se tentarán realizar, serán a interpretación dalgún concerto ao longo do curso por parte do alumnado, así como a asistencia aos diferentes eventos musicais, como recitais e concertos ou outras actividades de carácter didáctico que se oferten neste vindeiro curso. a distintos actos musicais.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Ter un 100% de aprobados.

### Descrición:

A programación didáctica do departamento é un documento aberto a posibles modificacións. Son merecedores de modificación aqueles apartados, que coa práctica docente diaria,



mostren que non se axeitan á realidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Para avaliar a propia programación teremos en conta unha serie de parámetros:

1. Preparación da clase e dos materiais didácticos de acordo coa programación do departamento didáctico.
2. Utilización dunha metodoloxía de ensinanza axeitada.
3. Avaliación da aprendizaxe.
4. Atención á diversidade.
5. Organización na aula.

Á autoavaliación contribuirá o diálogo directo e constante co alumnado e a reflexión dos profesores do departamento sobre a súa labor docente. Toda a información servirá para realizar ao final propostas de mellora.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Para poder avaliar a programación didáctica en relación cos resultados académicos, no primeiro lugar, teremos que esperar ata o final de curso, estudar os resultados académicos acadados polos nosos alumnos, despois analizaremos as causas deses resultados, e finalmente as medidas que tomamos para mellorar eses resultados.

## **9. Outros apartados**